

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 13/06/2022  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
MATILDE LAYA LORENZO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 13/06/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 06 de xuño de 2022, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2022/1837**

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Rodríguez García en relación á sinalización en sentido único na rúa Campanario, á altura da intersección coa PO-192. Visto o informe da Policía Local que sinala que no Concello no consta que se sinalizase a prohibición de entrada nese punto hacia a rúa Campanario, todo parece indicar que pudo ser a Xunta de Galicia como titular da PO-192, que procedeu a prohibir a manobra de acceso a esta rúa, mediante a sinalización horizontal de liña continua debido á perigosidade da incorporación mediante un xiro á esquerda, nun tramo curvo, e complementada cun sinal R-101 de dirección prohibida. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/1838**

Dáse conta do escrito presentado por Don Marcos Rodríguez Martínez , solicitando autorización para colocación dunha mesa e carpa informativa do Grupo Vox, na Praza de Galicia o sábado 4 de xuño de 2022 en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/1880**

Dáse conta do escrito presentado por C.P. Marvil, en relación ao estacionamento de vehículos na beirarrúa a altura dos nº48 e 50 da Avda das Carolinas. Visto o informe da Policía Local sinalando

que realizada inspección ocular no momento da mesma non hai ningún vehículo estacionado ou parado sobre a beirarrúa, si se ten constancia que en momentos puntuais hai algún que outro vehículo estacionado ou parado sobre a mesma. Apréciase sobre a beirarrúa, á altura do portal nº46 que nunha época había unha fila de polo menos 4 pivotes metálicos colocados ao ancho da beirarrúa, para evitar estacionar e circular sobre a mesma, o mesmo ocurría despois do portal do nº50. A Xunta de Goberno Local acorda comunicar que se comprobará a sinalización da zona.

#### **PRP2022/1881**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Purificación Cores Padín solicitando bandas reductoras de velocidade na estrada Piñeiro en Renza. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a petición.

#### **PRP2022/1631**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro vázquez,, en representación de AREVA solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa de 4x4 metros, na Praza de Galicia, o día 21 de maio de 2022, en horario de 10:30 a 13:30 horas. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

#### **PRP2022/1868**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria del Carmen Agra Gil solicitando ampliación da zona delimitada en amarelo para o acceso ao vao sito na Avda. Doutor Tourón nº7. A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle á Sra. Agra que proximamente coa mellora das beirarrúas na Avda. Dr.Tourón ese problema quedará solucionado.

#### **PRP2022/1839**

Dáse conta do escrito presentado por D. Miguel García Cerqueiras, solicitando unha praza de estacionamento fronte ao seu establecemento na rúa Santa Lucía nº2. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a reserva particular de estacionamento, entre ambos vados que se ubican fronte ó seu establecemento, durante o horario de apertura do taller. Dar conta á Policía Local.

#### **PRP2022/1975**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Dolores Benavides Falcón denunciando a colocación duns aparatos de aire acondicionado propiedade de Integral, S.L. e da Zapatería Romero, na rúa San Roque nº7 1ºB e baixo respectivamente.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado da denuncia á Xerencia de Urbanismo para que leve a cabo unha inspección técnica.

#### **PRP2022/1976**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Xylem Water Solutions España S.L.U., para o subministro dunha bomba con impulsor Hard Iron para o Bombeo de Composán situado entre a rúa Valle Inclán e rúa Veiga de Abaixo, por un importe total de 11.242,42€ (IVE incluído), con cargo á partida 160-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1977**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Benito Urban, S.L.U. para a reparación e reposición de tapas de pluviais e alcantarillado nas estradas de diversas zonas do Concello durante o exercicio 2022, por un importe total de 6.138,94€ (IVE incluído), con cargo á partida 160-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1978**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Baygar, S.L. para aluguer dun sanitario para a praia Preguntoiro por un total de 108 días nos meses do verán, dende o 15/06/2022 ao 30/09/2022, por un importe total de 568,46€ (IVE incluído), con cargo á partida 1722-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1980**

Vista a proposta do Departamento de Rendas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sistemas de Control Artes Gráficas SLU para o subministro de 50.000 impresos para recibos e notificacións de prema, modelo estandarizado nas aplicacións informáticas do concello, empregado para calquera tipo de notificación (recibos, providencias de constrinximento, liquidacións tributarias, denuncias de tráfico etc), empregado polos departamentos de Recadación, Rendas e Policía Local, consistente nun autosobre que é dobrado e pechado nunha máquina pregadora, con este sistema afórrase o sobre, o acuse de correos e o ensobrado manual, por un importe total de 3.856,88€ (IVE incluído), con cargo ás seguintes partidas 931.22000 - 2.571,25€ 132.22000- 1.285,63€.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

#### **PRP2022/1981**

Dáse conta da resolución o 30 de maio de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo pola que se regula a xestión do fondo de cooperación dos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda de nova construción. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1968**

Dáse conta do escrito presentado por Club Arosa, S.C., solicitando autorización e colaboración municipal con motivo da celebración dunha Gala Final da Tempada 2021/22, o día 17 de xuño, no Parque da Xunqueira.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de colaboración coa cesión de material da citada Fundación.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de 200 cadeiras, un equipo de son e unha pantalla led.

#### **PRP2022/1969**

Dáse conta do escrito presentado por Club Olímpic-Vilagarcía, solicitando autorización e colaboración municipal con motivo da celebración dunha Macroexhibición de Taekwondo Santa Rita, o día 24 de xuño, na Praza da II República.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de colaboración coa cesión de material da citada Fundación.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de 50 valados, 300 cadeiras, 6 mesas tipo pupitre, 2 colectores de lixo e un equipo de son.

#### **PRP2022/1979**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Arteixo, S.L.U. para aluguer dunha mini guindastre para reparación de alcantarillado en Guillán, para poder acceder ao lugar de reducidas dimensións, por un importe total de 6.245,41€ (IVE incluído), con cargo á partida 160-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1966**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Emilia Uz Prado, e/n de Mercadona, S.A., situado na Avda Rosalía de Castro nº60, solicitando autorización especial de estacionamento dos vehículos que emprega para facer labores de carga e descarga, nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro en horarios de 17 a 22 horas, ou sinalizar de xeito que se poida realizar as descargas ás 21.30, evitando así os horarios de maior afluencia de vehículos á zona, que debido á proximidade ás praias en ocasións a reserva está ocupada.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na actualidade o establecemento Mercadona, ten fronte á súa fachada principal unha zona reservada á carga e descarga de carácter xeral.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder á autorización especial da reserva dado que sería

de uso exclusivo para o citado establecemento.

#### **PRP2022/1889**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Trinidad Oubiña Villaverde, en relación ao pintado varias liñas amarelas por parte de operarios de Transportes Torrón na vía pública nas inmediacións á nave na intersección cara a rúa Pedras. Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra Oubiña que dende a Concellería de Seguridade Cidadá se porán en contacto coa citada empresa.

#### **PRP2022/2000**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marilo Ramos Cascallar e/n Greepeace España, solicitando autorización para colocación dunha mesa informativa, na Praza de Galicia o sábado 11 de xuño de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/2044**

Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Vázquez Blanco solicitando autorización para instalar un quiosco desmontable na Praia Compostela, para o servizo de hostelería durante a tempada de verán 2022 (de maio a setembro incluído) mediante un contenedor de 14,65 m<sup>2</sup> e 8 mesas con catro cadeiras cada unha. Visto o informe do Enxeñeiro Municipal, e comprobada que xa está constituída a fianza solicitada de 3.000,00€ como garantía de reposición dos servizos municipais que puideran resultar afectados, polo traslado e instalación do mesmo. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a instalación, no lugar fixado no acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2022, debendo colocarse no paseo marítimo planchas de aceiro para repartir as cargas no traslado do quiosco desmontable, tendo en conta o plan de seguridade aportada no que se fixa o seu traslado a través dun camión matrícula 2286 DXB con grúa autocarga, a través do paseo marítimo (vía peonil).

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2022/1953**

Visto o escrito presentado por Bonecos Vilagarcía, S.L., en data 05/05/2022 entidade da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa, en relación ás saídas educativas vinculadas aos proxectos educativos de educación infantil, e vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira S.L. (CIF: B-36030997) para servizos de autobús para o día 23 de xuño de 2022 para o traslado dos/as nenos e nenas da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados e regreso, por un importe total de 400,00 € (IVE incluído)., con cargo á partida 323.22699.

### **EMPREGO**

#### **PRP2022/1940**

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Comerciantes Centro Comercial Aberto Zona Aberta, Entidade colaboradora para a xestión dos "BONOS SON DA CASA", achegando a

seguinte documentación xustificativa, correspondente á campaña Bonos Son da Casa 2021, Segunda Edición:

- Memoria xustificativa.
- Balance e contabilidade.
- Extracto bancario de todos pagos abonados aos establecementos adheridos a campaña e dos ingresos durante o período do 30/11/2021 a 18/03/2022..

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a conta xustificativa, debendo reintegrar ao Concello a cantidade de 2.040,00 € correspondente aos bonos non trocados, tanto no importe referido á aportación dos particulares como á parte da achega municipal, coa seguinte desagregación:

Descrición	Importe €	Concepto ingresos	Aplicación gastos
Ingreso aportación particular bonos non trocados 2ª campaña 2021	1.333,33 €	39901	
Reintegro aportación Municipal Bonos non trocados	666,67 €		3411.470
Reintegro aportación municipal Bonos non vendidos	40,00 €		3411.470
TOTAL A REINTEGRAR	2.040,00 €		

#### **PRP2022/1965**

Dase conta da modificación das titulacións solicitadas ao Servizo Público de Emprego de Galicia no programa “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL 2022-2023” nos concellos da Deputación Provincial no Concello de Vilagarcía,

Enviadas as repectivas ofertas á Oficina de Emprego.

1. Queda deserta a oferta presentada para a titulación de Ciclo Superior Animación Sociocultural y Turística, facendo sondeos a nivel provincial e logo de publicación e difusión en web de emprego do SPEG.

2. Envían dous candidatos na oferta da titulación de 1 Diplomado/a Grao en Inxinería Técnica de Obras Publicas, que postos en contacto con eles e revisada a documentación, compróbase que non cumpren requisitos para concertar contrato formativo requerido no programa.

Procédese á renovación das titulacións que serían as seguintes:

2 Diplomados/as Grao Educación Social

1 Licenciado/a Grao en Socioloxía

1 Ciclo superior Axencias de Viaxes e Gestión de Eventos ou Guía, Información e Asistencia Turística

Presentase no SPEG unha nova oferta do Ciclo superior Axencias de Viaxes e Gestión de Eventos ou Guía, Información e Asistencia Turística, solicítase o peche das ofertas presentadas con anterioridade de 1 Diplomado/a Grao en Inxinería Técnica de Obras Publicas e 1 Ciclo Superior Animación Sociocultural y Turística e a ampliación da oferta de Diplomado/ Grao Educación Social.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a designación do novo persoal técnico para as actuacións como titores responsables da formación, da supervisión e apoio técnico ás persoas contratadas que impartirán todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices ás e aos traballadores/as, ademáis de ser responsables da calidade técnica das tarefas que desenvolvan.

Ira Camba Rey titora do traballador/a en formación Diplomado/a Grao Educación Social.

Juan Jose Rodriguez Cuiña titor do traballador/a en formación Licenciado/a Grao en Socioloxía.  
María Teresa García Romero titora do traballador/a en formación Diplomado/a Grao Educación Social.

Mar Caramés Moreira titora do traballador/a en formación Ciclo superior Axencias de Viaxes e Gestión de Eventos ou Guia, Información e Asistencia Turística

### **PRP2022/1967**

O Concello de Vilagarcía ven de acometer a reordenación do mercado ambulante na contorna da praza de abastos, acordando situar os postos de venda na rúa Alexandre Bóveda ocupando parte da calzada e compatibilizando o exercicio da venda co tráfico rodado pola devandita vía.

Por esta razón, atendendo ás numerosas peticións formuladas polos vendedores ambulantes nas que solicitaban a adopción de medidas de prevención de accidentes e seguranza, dende o Concello estímase preciso fornecer as medidas de prevención destinadas a garantir a seguridade e evitar a produción de danos ás persoas que exercen a actividade de venda na contorna do mercado.

A solución óptima para evitar accidentes consiste na instalación de pivotes flexibles e extraíbles aos efectos de illar a zona destinada á venda do espazo destinado a tráfico rodado. É preciso, por tanto, a contratación dunha empresa para o subministro do material e instalación dos elementos. A tal efecto solicitouse orzamento a tres empresas do sector, para a adquisición de 75 pivotes extraíbles flexibles e colación de anclaxes ao pavimento, cun orzamento máximo de 6.942,38 € (IVE incluído).

Dáse conta das ofertas solicitadas, ás seguintes Empresas:

- LOS MOLINOS SERVICIOS AUXILIARES S.L., CIF B-36253474, a cal remitiu o mesmo por contía de 7.282,29 € (IVE INCLUÍDO)

- MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L., NIF B-36130649, o cal remitiu o mesmo por contía de 6.942,38 € (IVE INCLUÍDO),

- CONSTRUCCIONES FAGARI S.L., CIF B36590503, a cal non remitiu orzamento.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo e Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda: **PRIMEIRO.** Aprobar o gasto polo importe do prezo consignado na presente proposta, con cargo á dispoñibilidade orzamentaria existente (partida 134-mobilidade urbana).

**SEGUNDO.** Adxudicar o presente contrato menor de subministro á empresa MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L., NIF B-36130649, por contía de 6.942,38 € (IVE INCLUÍDO), con cargo á partida 134.215, por ser a oferta mais vantaxosa para o Concello.

**TERCEIRO.** Dispoñer que se cumpran as obrigas de publicidade de contratos menores previstas nos artigos 63.4 e 118 da LCSP e 8.1 a) da lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2022/1991**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda probar o orzamento presentado pola Empresa Micromedia SL para o subministro de cinta monocolor para a impresora de tarxetas de préstamo e pack de 1.000 tarxetas de préstamo preimpresas a cor a dobre cara, por un importe total de 439,84 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2022/1930

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a provisión de fondos, por importe de 16.359,00 € a favor da Sra. Concelleira de Facenda, Luz María Abalo Pérez para proceder ao abono de diversos gastos do festival tal e como figura baixo estas liñas e consignado no orzamento do festival para o ano 2022, e que non é posible aboar doutro xeito, xa que os provedores precisan do abono inmediato dos servizos realizados presentando, de seguido, a xustificación completa da dita provisión mediante as correspondentes facturas ou recibí.

Partida	Proxecto	Concepto	Importe
2021 3261 223	2022-3-CRRTE – 6	Gastos de transporte do festival	7.600,00 €
2022 3261 22699	2022-3-CRRTE – 6	Gastos de restauración do festival	4.000,00 €
2022 3261 22706	2022-3-CRRTE – 6	Gastos de Asistencia Técnica do festival	3.509,00 €
2022 3261 48003	2022-3-CRRTE – 6	Becas Masterclasses	1.250,00 €
TOTAL			16.359,00 €

### PRP2022/1931

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a sinatura dos acordos de colaboración que figuran no anexo I deste informe cos seguintes catro centros educativos superiores:

- Conservatorio Superior de Música de Vigo, CSMV
- Conservatorio Superior de Castilla y León, COSCYL en Salamanca.
- Centro de Estudios Superiores de Música del País Vasco – MUSIKENE en San Sebastián
- Escuela Superior de Música de Cataluña, ESMUC en Barcelona

Segundo.- Autorizar o programa de becas das Masterclasses desta V edición do Festival para os quince alumnos sinalados no apartado cuarto de este informe e polo importe total de 1.250,00 € con cargo á partida 2022 3261 48003 do Proxecto de orzamento do festival con código 2022-3-CRRTE – 6, que se aboarán con cargo a provisión de fondos (Partida 3261.48003):

#### PROGRAMA DE BECAS MASTERCLASS 2022

#### Axudas de desprazamento

Dúo Séneca ESMUC	Gustavo Abela Cruz	44667316M	150,00	€
	Iñaki Guezala Varela	49583662D	150,00	€
Trío Manakoff COSCyL	David Martínez Campelo	71477301V	100,00	€
	Daniel Feygin Manakov	58439132P	100,00	€
	Ricardo Macho Valderrey	71469912B	100,00	€
Trío Arousal COSCyL	Alberto Higuera Rodríguez	77648319C	100,00	€
	Daniel Iglesias Silva	44436385V	100,00	€
	Claudia García Carreras	03228897L	100,00	€
Individual CSMVigo	Óscar Paniagua González	45144186Q	50,00	€
Dúo violín piano	Álvaro Pérez Bastos	54471677H	50,00	€



CSMVigo	Raúl Pérez Ramallo	39511609R	50,00	€
Individual MUSIKENE	Sofía Sánchez Maestro	72178007M	200,00	€
TOTAL			1.250,00	€

### **PRP2022/1938**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Iluminaciones Santiaguesas SL para o subministro dun leteriro luminoso para o Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe total de de 780,00 € + 163,80 do 21 % IVA o que fai un total de 943,80 € e con cargo á partida 2022 3261 22199 do proxecto con código 2022-3-CRRTE-3 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2022/1957**

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a revisión técnica ( afinación, regulación e entoación) de todos os pianos do Conservatorio Profesional de Música, e visto o orzamento presentado por D **Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe de 1040,00 € + IVE (218,4 €), dando un total de 1.258,40 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D **Tygran Poghosyan Gharibyan** a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) dos pianos do Conservatorio Profesional de Música no mes de xuño de 2022, polo importe citado de 1.258,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **SANIDADE**

### **PRP2022/1924**

Dáse conta da solicitude presentada por D. Jesús Leis Diz, titular da licenza municipal de auto-taxi (con taxímetro) nº 33, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 4293HZT, polo de nova adquisición, matrícula 8672LXV.

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase acceder á substitución solicitada, polo vehículo de cinco prazas, cor branca, marca TOYOTA, Modelo "Corolla", con 12,49 CV e nº de bastidor SB1Z93BE50E306318.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

### **PRP2022/1891**

Dáse conta da solicitude presentada por D. Manuel Abades Lamela, titular da licenza municipal de auto-taxi (con taxímetro) nº 35, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 0764LHC, polo de nova adquisición, matrícula 2372LXR.

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente

Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase acceder á substitución solicitada, polo vehículo de cinco prazas, cor branca, marca TOYOTA, Modelo "Corolla", con 12,49 CV e nº de bastidor NMTBZ3BEX0R132316..

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### XUVENTUDE

#### PRP2022/1956

Dáse conta de proposta da Concellería de Xuventude, en colaboración coas Concellerías de Cultura, Turismo e Educación, en relación coa acción cultural: VILAGARCÍA DE AROUSA, CIDADE DE LIBRO 2022, que se vai a desenvolver do 13 ao 19 de xuño en distintos espazos: Praza II República, Auditorio Municipal e Parque Miguel Hernández.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da citada actividade, cun orzamento total de 67.781,86 € (ive engadido ), coa seguinte desagregación:

Entidade	Cif	concepto	Importe	Partida /departamento
Artefeito, S. Cooperativa Galega	F70586763	Producción e control de espazos. Gastos derivados da actividade: loxística, dietas...	15.463,80 (ive do 21% engadido)	2314.22610
TÍTERES CACHIRULO	B15510084	Obradoiro Emoticontos Y Cachimobil	1.323,50 € (ive do 21% engadido)	2314.22610
CULTURACTIVA, Sociedade Cooperativa Galega	F15983067	Xestión e honorarios de programación de autores/as	18.004,80 (ive do 21% engadido)	334.22609
Carlos Galban Zaragoza	35449729J	Instalación de equipos de son, asistencia técnica	3.412,20 € (ive do 21% engadido)	2314.22610
Polo Correo do Vento S.C	J94077047	Actividade contacontos ilustrado A detective Peregrina no misterio de Vilagarcía	423,50 € (ive do 21% engadido)	432.22610
Felipe Díaz Valle	33998156Q	Un carteiro en bicicleta	275 € (ive do 10% engadido)	432.22610
CULTURACTIVA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F15983067	Compañías Bandullo Azul, Pedras de Cartón, O Mago Teto, Hype, Diáspora Teatro, David Acera e Catropés	9.075 € (ive do 21% engadido)	334.22609
RAQUEL GARCÍA RODRÍGUEZ	44463265X	Espectáculo Travesías	363 € (ive do 10% engadido)	2314.22610
NURIA VILÁN PRADO	53196763V	Obradoiro de poesía rebelde (de palabra falada)	615,16 € (ive 21% engadido)	2314.22610
TARABELA CREATIVA S.C	J70583992	Obradoiro de narrativa breve e escrita creativa	726 € (ive do 21% engadido)	2314.22610
MARIA JOSEFA MARIÑO CARREIRA	33291564F	Espectáculo musical Bravas. O rexurdir da luz	2.359,50 € (ive do 21% engadido)	2314.22610
Luis Ángel Gómez Suárez (Corticata turismo medioambiental)	35464020K	Traslados á illa de Cortegada	907,50 € (ive do 21% engadido)	432.22610
Metrópolis Cómics Vilagarcía	B7060546	1º Encontro Cosplay Vilagarcía	2.420 € (ive do 21% engadido)	2314.22610
Donde Viven Los Cuentos. Sociedade Cooperativa Galega	F09643388	Cuentacuentos	302,50 € (ive do 21% engadido)	2314.22610
BARAFUNDA S.L	B27756402	O Censor de Monstros	695,75 (ive do 21% engadido)	2314.22610
Yolanda Castaño	46900072J	Contacontos en poema para nenos e nenas	350 € (exenta ive)	2314.22610
Luis Ángel Gómez Suárez	35464020K	Literatour	6.050 € (ive do	2314.22610

(Corticata medioambiental)	turismo		21% engadido)	
Manuel Sartal Torre Integrales	Servicios	35321701A	Servizo control acceso e vixianza de seguridade	2.014,65 € (ive do 21% engadido) 334.22799
Orzamento estimativo decoración e difusión actividade:			3.000 €	2314.22610

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2022/1932**

Dáse conta da resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á Rede de Oficinas de Turismo Info Rias Baixas ano 2022, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe de 10.185,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1994**

Dáse conta de comunicación do Servizo de Urbanismo, Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en relación co evento denominado "Atlantic Fest", a celebrar na Praia da Concha, os días 15 e 16 de xullo de 2022.

A actuación solicitada non se vai realizar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. No suposto de que as actividades se realizasen na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre requirirían a previa e preceptiva autorización da Comunidade Autónoma en martería de costas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2022/1933**

Dáse conta de proposta da Área de Igualdade en relación coa realización dunha campaña- acción sobre acoso en RR.SS. e whatshap co obxectivo de concienciar sobre a problemática das violencias machistas que se estenden a través das redes sociais, así como informar e educar sobre o bo uso das TIC.

O programa terá como xa apuntábamos dúas accións segundo colectivo ao que se dirixa:

- Acción1: dirixida á xente nova, adolescente
- Realización de dous grupo de discusión nos que definir a relación coas redes e mais a construción da súa identidade nelas, das persoas usuarias desta franxa de idade.
- Creación dunha acción cunha versión gráfica para visibilizar en redes.
- Prototipado e obradoiro para valorar a proposta.
- Desenvolvemento da acción nas redes persoais das persoas participantes , como nas do Concello.

- Acción2: dirixida a mulleres separadas ou divorciadas entre 40 e 60 anos.
- Realización de dous grupo de discusión nos que definir a relación coas redes, a construción da súa identidade nelas, a importancia delas na nosa vida e como facer fronte a violencia recibidas.
- Creación dunha acción cunha versión gráfica para visibilizar en redes.
- Prototipado e obradoiro para valorar a proposta.
- Desenvolvemento da acción nas redes persoais das persoas participantes , como nas do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por UQUI CEBRA SEL para realización da campaña-acción sobre acoso e violencias machistas en RRSS e watshap, por un importe total de 6.594,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/2104**

Vista a proposta da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para un servizo de autobús (dous traxectos) para realización dunha visita guiada dos participantes no Obradoiro para persoas maiores "Activate" ás instalacións do Porto de Vilagarcía, por un importe total de 180,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CULTURA**

#### **PRP2022/1934**

Na Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2022 aprobouse o orzamento para a celebración das Festas Santa Rita 2022, cun importe total de 44.664,96 €.

Unha das actividades programadas, celebrada o 22 de maio foi o VI Encontro Folclórico Santa Rita, no que participaron varios grupos de gaitas e baile, música tradicional, danza...

Un dos grupos participantes foi TAHÚME, con CIF G15462971, que por erro non foi incluído no orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto correspondente á actuación do grupo TAHÚME (grupo de gaitas e música tradicional) dentro da actividade realizada o 22 de maio - VI Encontro Folclórico Santa Rita 2022, por un importe total de 800,00 €, con cargo á partida 338.22609.

#### **PRP2022/1935**

Vista a solicitude de D. José Martin Ventoso Portas, en representación da Comisión de Festas Santa María de Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San Antonio en Guillán o vindeiro día 18 de xuño de 2022:

- Actuación do Grupo de Gaitas Treboada - Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira, por un importe de 315,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer

constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2022/1936**

Vista a solicitude de Dona Maria Josefa Muñiz Moreno, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Antonio en Faxilde, o 13 de xuño de 2022:

- Actuación do Grupo de Gaitas da Asociación Cultural Lumarada por un importe de 350,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2022/1937**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Josué Xabier Piñeiro Avila, para realización dun servizo de pulido e abrillantado do pavimento do Centro Cultural de Vilaxoán, por un importe total de 363,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2022/1897**

Dáse conta do Auto 48/2022 en relación a "Retirada da Cruz adosada á fachada da Igrexa Parroquial Arealonga, que estima integramente as alegacións previas á admisibilidade do recurso contencioso administrativo formuladas polo letrado D. Fernando Cortines González de Reiancho, en nome e representación do Concello de Vilagarcía de Arousa, respecto do recurso formulado pola Fundación Española de Avogados Cristianos, con imposición de costas á parte demandante, por límite máximo de 150 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1970**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 8 de febreiro de 2021 adxudicouse o contrato denominado "Reforma de edificación para albergue de Peregrinos-Carril", cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, á empresa Obras Gallaecia, S.L.

O contrato administrativo foi asinado con data 5 de marzo de 2021, cun prazo de execución de 10 meses. Tendo en conta que a acta de comprobación de replanteo foi asinada o 13 de abril de 2021 o prazo de execución finalizaba o 13 de febreiro de 2022. Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 17 de xaneiro de 2022, concedeuse unha ampliación do prazo de execución da obra ata o 13 de xuño de 2022.

Con motivo da aprobación do modificado nº 1, por acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de maio de 2022, aprobouse un aumento do prazo de execución en 2 semanas co obxecto de poder executar o contemplado no citada proxecto modificado.

Con data 6 de xuño de 2022, a través da sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa (rexistro web 2022003718), don Francisco Gómez Portela, en representación de Obras Gallaecia, S.L., presenta solicitude de ampliación do prazo de execución, co visto e praxe do director de obra e do director de execución material, que tamén asinan a solicitude, ata o 27 de xullo de 2022, e que fundamentan no seguinte:

"Que la situación de falta de suministro de algunas materias primas en la construcción, y más concretamente en la obra de referencia, como son por ejemplo: acabados de madera, pavimentos exteriores de urbanización, y mobiliario, hace previsible un pequeño retraso que no supondría ningún coste para la administración ..."

O investimento de referencia atópase financiado, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, rematando o prazo de execución dos investimentos o 31 de xullo de 2022, polo que, en principio, aos efectos de cumprimento do prazo establecido polo órgano concedente da subvención, non existiría inconvinte na ampliación solicitada.

Tendo en conta todo o exposto e os documentos obrantes no expediente, así como o visto e praxe da solicitude de ampliación do director de obra e do director de execución material, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a D. Francisco Gómez Portela, en representación de Obras Gallaecia SL a ampliación do prazo de execución da obra de "Reforma de edificación para albergue de peregrinos-Carril", ata o 27 de xullo de 2022.

## **PRP2022/1972**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 2 de maio de 2022, adxudicouse o contrato de servizos denominado "Redacción de proxecto técnico e dirección de obra de Fontecarmoa", ao arquitecto don Jesús San Vicente Domingo.

Este investimento atópase incluído na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) "Vilagarcía Avanza", dentro da liña de actuación denominada VLG\_A08\_ GENEOPER: Xeración de oferta deportiva, turística e cultural" e cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, na actualidade integrado no POPE 2014-2020.

Dado o ano de construción das actuais instalacións e o uso que soportaron durante estes anos, e tendo en conta que a ampliación que se pretende debe ir conectada con aquelas, é preciso contar cun estudo, informes e ensaios que permitan un perfecto deseño e planificación das obras. Así mesmo é imprescindible contar cun estudo topográfico e xeotécnico dos terreos para os efectos de poder tomar as debidas precaucións na redacción do proxecto encargado, para poder propoñer o mellor deseño posible para o enclave proposto.

O concello de Vilagarcía de Arousa non conta, entre o seu persoal, con técnicos que poidan desenvolver estes traballos, nin cos medios materiais necesarios para poder levalos a cabo.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos,

para a realización de traballos de campo, sondaxes, ensaios, levantamento topográfico e xeotécnico nos terreos sobre os que se efectuará a ampliación da piscina municipal de Fontecarmoa, á mercantil Enmacosa Consultoría Técnica (A27812627), por un importe de 3.263,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 685,23€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 3.948,23€, con cargo á partida 150.640.

#### **PRP2022/1982**

Adquirida á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa a parcela situada na confluencia da Avda Rivero de Aguilar, Peirao do Ramal e Praia da Concha cunha superficie total de 6.829,50 m<sup>2</sup>, faise necesario, na parte do Peirao do Ramal de superficie 3.500 m<sup>2</sup> aproximadamente, demoler as naves situadas no lugar para poder ter un espazo de esparcemento de uso público para ocio e lecer dos cidadáns.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión dos Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de redacción de proxecto básico e de execución para a Demolición de Naves no Peirao do Ramal, ao Arquitecto Técnico don Jose Manuel Millán Armas (36095934X ), por un importe de 3.500,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 735,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 4.235,00 €, con cargo á partida 150.640.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1992**

Vista a proposta da Concellería de urbanismo, Mobilidade e Xestión de fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos, denominado “Asesoría para a modificación da Ordenanza Municipal de Circulación no que atañe ao estacionamento de vehículos”, á mercantil Grupo de Estudos y Alternativas 21, SL (B81266520), por un importe de 7.000,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.470,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 8.470,00 €, con cargo á partida 134.22706.

#### **PRP2022/1993**

Dáse conta de publicación no BOPPO do 2 de xuño de 2022 de anuncio da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión dun novo prazo para a presentación de proxectos ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, ata o 30 de xuño de 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/2005**

Dáse conta de proposta da concellería de Obras, Alumeado, Servizos e Relacións Veciñais, en relación coa necesaria a redacción dos proxectos técnicos necesarios para satisfacer e executar as peticións de melloras ou ampliacións das redes viarias, de saneamento, de pluviais, de abastecemento, denominados a continuación:

- “Ampliación da rede de saneamento e de abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo”.
- "Ampliación da rede de saneamento en tramo de rúa Loureiro da Galufa en Cornazo”.
- "Ampliación da rede de saneamento en tramo de rúa Picho-Soutelo en Rubiáns”.
